



Programación Xeral Anual de Centro

Capítulo I

DIRECTORA	DATA DE ENTREGA	FORMA DE ENTREGA
▪ África López Souto	▪ 30/setembro/2022	▪ PDF
▪ Aprobada polo Consello escolar do 11 de outubro do 2022		

Índice

1.	Datos do centro	2
2.	Marco normativo.....	2
3.	Capítulos, documentos e prazos da PXA.....	4
4.	CAPÍTULO 1	5
4.1	DOCUMENTO Nº 1 PLAN ANUAL.....	5
4.1.1	Introdución.....	5
4.1.2	Obxectivos específicos, medidas e recursos	7
4.1.3	Obxectivos específicos, medidas e recursos respecto do profesorado.....	7
4.1.4	Obxectivos específicos, medidas e recursos respecto do alumnado.....	9
4.1.5	Obxectivos específicos, medidas e recursos respecto das familias	10
4.1.6	Obxectivos específicos, medidas e recursos respecto do persoal non docente	11
4.1.7	Obxectivos específicos, medidas e recursos respecto aos servizos externos ao centro	11
4.1.8	Outros obxectivos específicos a nivel de centro	12
4.2	DOCUMENTO Nº 2 HORARIO XERAL DO CENTRO.....	13
4.2.1	Horario lectivo das diferentes ensinanzas	13
4.2.2	Horario das instalacións e outros servizos	15
4.2.3	Horario do centro	16
4.2.4	Organización do transporte escolar e itinerarios.....	16
5.	Seguimento e avaliación da programación.....	17



1. Datos do centro

ENDEREZO	TELÉFONO	FAX
▪ Avda. Arteixo nº 128 15007 A Coruña	▪ 881 960 715	▪ 881 960 724
CÓDIGO DE CENTRO	CORREO ELECTRÓNICO	
▪ 15005269	▪ ies.urbano.lugris@edu.xunta.gal	
PÁXINA WEB	TWITTER	
▪ www.edu.xunta.gal/centros/iesurbanolugris/	▪ @IESUrbanoLugris	

2. Marco normativo

A programación xeral anual é o instrumento básico que recolle a planificación, organización, funcionamento e plan de mellora do centro, realizándose segundo os principios de autonomía e eficiencia.

- Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2005 do 3 de maio, de Educación (LOMLOE).
- Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos do goberno dos centros públicos de ensino non universitario. (DOG, 29/04/88).
- Orde do 28 de xuño de 2010 pola que se modifican parcialmente as ordes do 1 de agosto de 1997, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento, do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e do 3 de outubro de 2000, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.
- Real Decreto 665/2015, de 17 de julio, por el que se desarrollan determinadas disposiciones relativas al ejercicio de la docencia en la Educación Secundaria Obligatoria, el Bachillerato, la Formación Profesional y las enseñanzas de régimen especial, a la formación inicial del profesorado y a las especialidades de los cuerpos docentes de Enseñanza Secundaria.
- Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa.
- Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE 4/5/2006).
- Orde do 1 de agosto de 1997. Puntos do 2 ao 9.
- Capítulo IV do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, (DOG, 9/8/1996, modificado pola corrección de erros publicada no DOG 30/8/1996 e polos decretos 120/1998 e 7/1999).

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO

- DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.
- ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2005 do 3 de maio, de Educación (LOMLOE)



- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta
- ORDE do 13 de xullo de 2016 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- ORDE do 3 de agosto de 2017 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes na etapade educación secundaria obrigatoria, e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- ORDE do 7 de agosto de 2018 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e asúa oferta.
- ORDE do 19 de abril de 2018 pola que se regulan aspectos relativos á organización das materias do bacharelato establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, para os centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia
- Real Decreto 310/2016, de 29 de julio, por el que se regulan las evaluaciones finales de Educación Secundaria Obligatoria y de Bachillerato.
- Orden ECD/462/2016, de 31 de marzo, por la que se regula el procedimiento de incorporación del alumnado a un curso de Educación Secundaria Obligatoria o de Bachillerato del sistema educativo definido por la Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa, con materias no superadas del currículo anterior a su implantación.
- Orde do 22 de abril de 2010 pola que se establece o procedemento que cómpre seguir nas reclamacións das cualificacións outorgadas no segundo curso do bacharelato establecido na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 28 de agosto de 1995 pola que se regula o procedemento para garantir o dereito dos alumnos de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato a que o seu rendemento escolar sexa avaliado conforme a criterios obxectivos.
- ORDE do 12 de maio de 2020 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2020/21 (código de procedemento ED330B).
- Real Decreto 562/2017, de 2 de junio, por el que se regulan las condiciones para la obtención de los títulos de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria y de Bachiller, de acuerdo con lo dispuesto en el Real Decreto-ley 5/2016, de 9 de diciembre, de medidas urgentes para la ampliación del calendario de implantación de la Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa.
- Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

FORMACIÓN PROFESIONAL

- Resolución do 22 de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2022-2023.
- Orde ECD/2159/2014, de 7 de novembro, pola que se establecen convalidacións entre módulos profesionais de formación profesional do Sistema Educativo Español e medidas para a súa aplicación e modifícase a Orde de 20 de decembro de 2001, pola que se determinan convalidacións de estudos de formación profesional específica derivada da Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo. TEXTO CONSOLIDADO Última modificación: 2 de novembro de 2017.
- ORDE do 15 de xuño de 2016 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e de grao superior en réxime ordinario e para as persoas adultas.
- ORDE do 6 de xuño de 2016 pola que se autorizan proxectos experimentais de formación profesional dual de ciclos formativos de formación profesional en centros educativos, en colaboración con diversas entidades.
- Real Decreto 1529/2012, de 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e establécense as bases da formación profesional dual.
- Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.
- Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.
- Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo da formación profesional inicial, para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 16 de xullo de 2002 pola que se regula a avaliación e acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas da formación profesional específica de réxime xeral na Comunidade Autónoma de Galicia.

FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

- Resolución do 22 de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2022-2023.
- Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.
- Real Decreto 127/2014, de 28 de febreiro, polo que se regulan aspectos específicos da Formación Profesional Básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo, apróbanse catorce títulos profesionais básicos, fíxanse os seus currículos básicos e modifícase o



Real Decreto 1850/2009, do 4 de decembro, sobre expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

- Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.

OUTRA NORMATIVA A TER EN CONTA

- Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 9 de xullo de 2018 reguladora do procedemento de homologación e/ou validación de títulos e estudos estranxeiros de ensinanzas non universitarias.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Orde do 7 de xullo de 2010 pola que se establecen medidas de ordenación académica para o alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e de danza e as ensinanzas de réxime xeral.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario.
- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regula a actividade das persoas auxiliares de conversa que realizan o seu labor en centros educativos públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.
- Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.

3. Capítulos, documentos e prazos da PXA

Na seguinte táboa amósanse os diferentes capítulos, documentos e anexos da programación xeral anual e os prazos nos que se remiten á Inspección Educativa.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL		
CAPÍTULOS	DOCUMENTOS	DATAS DE ENTREGA
CAPÍTULO I	Documento número 1: Plan anual.	Antes do 30 de setembro
	Documento número 2: Horario xeral do centro	
	Documento número 3: Organización dos servizos complementarios.	
	Documento número 4: Documento de recollida de datos (1ª parte) DRD	
CAPÍTULO II	Documento número 5 e anexos: Documento de organización do centro. DOC. Anexo I: Proxecto educativo do centro. Anexo II: Proxecto curricular de centro.	Antes do 20 de outubro



	(No caso de que os proxectos educativo e curricular do centro xa figuraran nunha programación xeral anterior, nos citados anexos só se recollerán as modificacións derivadas da avaliación anual deles. En calquera caso deberase facer referencia sempre ao ano no que se incluíu por primeira vez cada un dos proxectos así como aos anos nos que se introduciron sucesivas modificacións.)	
CAPÍTULO III	Documento número 6: Documento de recollida de datos (2ª parte) DRD	Antes do 15 de novembro
	Documento número 7: Programa anual de actividades complementarias e extraescolares.	
	Documento número 8: Plan anual de actividades para a potenciación do plurilingüismo	
	Documento 9: Plan anual de lectura	
	Documento 10: Programa de formación do profesorado no centro	
	Concreción anual do Plan de integración das TIC	
	Concreción anual do Plan de atención á diversidade	
	Concreción anual do Plan de convivencia Concreción anual do Plan de igualdade	
CAPÍTULO IV	Documento número 12: Programa de formación en centros de traballo.	Febreiro

4. CAPÍTULO 1

4.1 DOCUMENTO Nº 1 PLAN ANUAL

4.1.1 Introducción

ESTRUTURA ORGANIZATIVA			
ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO		ÓRGANOS UNIPERSOAIS DE GOBERNO	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Consello Escolar ▪ Claustro de profesorado: 71 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Directora: África López Souto ▪ Vicedirectora: Montserrat Miranda Vigo ▪ Xefe de estudos: José Carlos Aller Blanco ▪ Xefa de estudos persoas adultas: Begoña García Maneiro ▪ Secretaria: Mª Rosario Valiña Miñones 	
OUTROS ÓRGANOS UNIPERSOAIS	ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE		
	Departamentos	Outros	Órganos de participación do alumnado
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Xefes/as dos departamentos didácticos ▪ Titores/as 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Departamentos didácticos ▪ Departamento de Orientación ▪ Departamento de actividades 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comisión de Coordinación Pedagóxica ▪ Coordinación de FCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Xunta de Delegados/as ▪ Consello Escolar



	complementarias e extraescolares	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coordinación de Proxectos Europeos ▪ Equipo de dinamización da lingua galega ▪ Equipo de Biblioteca escolar 	
--	-------------------------------------	---	--

Por unha banda, é responsabilidade do equipo directivo canalizar os temas que afectan á vida do centro cara ao organismo competente (Consello Escolar, Claustro ou calquera das instancias de participación establecidas) para a súa análise e tratamento. É importante que o equipo directivo, e especial a directora, velen polo correcto funcionamento destes mecanismos e que axilicen os debates e fomenten a participación, imprescindible para o funcionamento democrático da comunidade. Por outra parte, velará pola aplicación dos acordos adoptados polos órganos de goberno do instituto e o cumprimento deles na legalidade vixente.

ENSINANZAS	
EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	
1º - 2º - 3º-4º CURSOS	
1º e 3º (LOMLOE)	2º e 4º (LOMCE)
Seccións bilingües autorizadas	Seccións bilingües autorizadas
1º ESO: Bioloxía e Xeoloxía, Xeografía e Historia 3º ESO: Bioloxía e Xeoloxía	2º ESO: Xeografía e historia
Programa de Diversificación Curricular (PDC)	Ensinanzas académicas e aplicadas
3º ESO	4º ESO
BACHARELATO	
1º Bacharelato (LOMLOE)	2º Bacharelato (LOMCE)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ciencias ▪ Humanidades ▪ Ciencias Sociais 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ciencias ▪ Humanidades ▪ Ciencias Sociais
FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Electricidade e electrónica ▪ Informática de oficina 	
CICLOS FORMATIVOS	
GRAO MEDIO	GRAO SUPERIOR
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Mantemento electromecánico ▪ Mantemento electromecánico dual ▪ Instalacións de telecomunicacións ▪ Instalacións eléctricas e automáticas dual 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sistemas de telecomunicacións e informáticos ▪ Sistemas electrotécnicos e automatizados (sección bilingüe autorizada no 1º e 2º curso nos módulos do Departamento de FOL) ▪ Automatización e robótica industrial (sección bilingüe autorizada no 1º e 2º curso nos módulos do Departamento de FOL) ▪ Mantemento electrónico
MODULAR (PERSOAS ADULTAS)	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Módulos do ciclo medio de Instalacións de telecomunicacións 	



<ul style="list-style-type: none"> ▪ Módulos do ciclo superior de Mantemento electrónico 	
CURSO DE ESPECIALIZACIÓN	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Implementación de redes 5G 	

A Programación Xeral Anual recolle no Plan Anual os obxectivos específicos para o curso académico. A formulación de obxectivos específicos ven precedida do establecemento duns obxectivos xerais que se enumeran no proxecto educativo de centro e no proxecto curricular do centro.

No Plan anual fixamos os obxectivos específicos que o centro se propón conseguir no actual curso académico, as medidas que se van desenvolver para a súa consecución e os recursos con que conta para levalos a cabo.

Os centros educativos terán autonomía para organizar os grupos e materias de maneira flexible e para adoptar as medidas de atención a diversidade adecuadas as características do alumnado.

4.1.2 Obxectivos específicos, medidas e recursos

Posto que a comunidade educativa está formada polo alumnado, profesorado, persoal non docente, nais e pais, e ademais tendo en conta o contexto educativo e os servizos externos ao centro, formularemos uns obxectivos específicos para cada un dos sectores e servizos, proporemos as medidas a levar a cabo e informaremos dos recursos con que conta o centro para a consecución de ditos obxectivos.

4.1.3 Obxectivos específicos, medidas e recursos respecto do profesorado

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
<ul style="list-style-type: none"> a) Facilitar o labor académico das persoas docentes a fin de que poidan conseguir os obxectivos nas programacións. b) Facilitar o labor académico dos docentes a fin de que poidan levar a cabo as diferentes metodoloxías de ensinanza que se poden dar neste curso (ensinanza presencial, semipresencial e non presencial). c) Favorecer a interdisciplinabilidade didáctica entre as diferentes áreas que se imparten na etapa da ESO neste centro. d) Desenvolver programas que favorezan a convivencia no centro e axuden a consecución da efectiva igualdade de dereitos entre mulleres e homes. e) Fomentar o desenvolvemento de capacidades creativas e do espírito crítico. f) Fomentar o valor do emprendemento a través do uso da Aula de emprendemento e o seu equipo de traballo. g) Avaliar obxectivamente ao alumnado, facendo incidencia nos aspectos positivos e axudándolles a superar as dificultades que presentan ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe. h) Potenciar o uso da biblioteca por parte do profesorado, empregándoa como elemento metodolóxico. i) Fomentar e implicar ao profesorado no desenvolvemento e na participación de proxectos, actividades e programas educativos convocados por diferentes organismos autonómicos, estatais e europeos: Plambe, Club de lectura, PFPP, PFFP, Programas educativos (Proxecta, Programas de éxito educativo -Club de Ciencia, Contratos Programa Inclúe e Innova, PROA+, Acreditación lingüística, Edixgal, Eduexchanges-, Seccións bilingües), etc. j) Desenvolver programas europeos para o profesorado e o alumnado. k) Continuar e consolidar o proxecto das seccións bilingües autorizadas no noso centro.



- l) Mellorar a competencia lingüística do profesorado no uso e dominio da lingua inglesa.
- m) Continuar coa acollida da auxiliar de conversa designada por terceiro curso falicitándolle a súa integración na vida académica do centro e a súa estancia na nosa cidade.
- n) Continuar a actualización dos documentos de organización e planificación do centro, unificando criterios e utilizándoos como instrumentos de mellora.
- o) Implementar o Plan Dixital de centro e continuar co Plan TIC, introducindo as novas tecnoloxías no desenvolvemento curricular das diferentes materias e aumentar o número de materias ou módulos co emprego das mesmas.
- p) Continuar coa difusión do Plan de igualdade entre o profesorado para o seu obrigado cumprimento e difusión.
- q) Facilitar o labor tutorial de todo o profesorado e a coordinación entre persoas titoras-profesorado-Departamentos (de orientación, FCT)-Xefatura de estudos-Dirección.
- r) Seguir coa consolidación do funcionamento da aplicación de Abalar para as relacións con familias e alumnado.
- s) Implicar ao profesorado na avaliación dos procesos docentes, analizando a participación nun plan de autoavaliación.
- t) Organizar actividades complementarias e extraescolares e motivar ao profesorado a que colabore nelas.
- u) Promover a participación do profesorado na mellora dos espazos do centro.
- v) Promover a formación continua do profesorado.
- w) Continuar co segundo ano do Plan de Formación Permanente do Profesorado con dous itinerarios formativos (Plan dixital e Internacionalización).
- x) Promover a solicitude dun proxecto de formación específico para o profesorado de formación profesional.
- y) Fomentar a participación do profesorado no proceso de Renovación do Consello Escolar deste curso.
- z) Continuar fomentando a participación do profesorado como Voluntarios/as para titorizar o Practicum do máster de profesorado do profesorado de ensino secundario, e para o Practicum do curso de especialización en formación pedagóxica e didáctica do profesorado técnico en formación profesional.

MEDIDAS

- a) Coordinación das actuacións co Centro de Formación e Recursos.
- b) Participación en cursos de formación en competencias relacionadas coas TIC's no plan de formación.
- c) Participación en programas educativos (Proxecta, Programas de éxito educativo, Seccións bilingües).
- d) Coordinación entre o profesorado que leva a cabo actuacións relacionadas con medidas de atención a diversidade como os reforzos educativos e o departamento de orientación.
- e) En colaboración co Claustro e o Consello Escolar, en función das competencias asignadas pola lei, poñer ao día os documentos de planificación e organización do centro, unificando criterios e modelos.
- f) Buscar melloras na rede wifi e mellorar as conexións á internet dentro das nosas posibilidades.
- g) Continuar co labor de solicitar da Dirección Xeral de Formación Profesional a dotación de material e equipamento para dotar aos talleres dos medios para impartir os módulos.
- h) Participación en cursos de formación en mellora en linguas estranxeiras no plan de formación.
- i) Desenvolvemento de programas europeos.
- j) Organización de plans de actividades polos departamentos didácticos.
- k) Uso de ferramentas en liña para o intercambio de información das titorías.
- l) Continuar coa difusión entre o profesorado das vantaxes de AbalarMóbil.

RECURSOS

- a) Programas educativos (Proxecta, Seccións bilingües, Programas de éxito educativo – Contratos programa Inclúe e Innova, Proa+, Acreditación lingüística, Eduexchanges, Club de ciencia, E-Dixgal)
- b) Aula de emprendemento
- c) PFPP
- d) PFFP
- e) Programa E-Dixgal
- f) Departamentos didácticos
- g) Aulas específicas
- h) Biblioteca: Club de lectura, PLAMBE
- i) Proxectos europeos. Erasmus+
- j) Proxectos educativos.
- k) Profesorado dinamizador das TICs.
- l) AbalarMóbil.
- m) Páxina web do centro e redes sociais.
- n) Aula de emprendemento.



4.1.4 Obxectivos específicos, medidas e recursos respecto do alumnado

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	
<ul style="list-style-type: none"> a) Asegurar a participación do alumnado nos procesos de ensino-aprendizaxe a través da metodoloxía activa, na medida en que os recursos do centro o permitan. b) Fomentar hábitos de comportamento democrático, que fagan do respecto mutuo a esencia dunha convivencia democrática que axude a adquisición de valores morais en todos os ámbitos da vida, persoal, escolar, familiar, social e profesional. c) Promover as Normas de Organización e Funcionamento. d) Fomentar un ambiente equilibrado, igualitario e positivo na comunidade educativa. e) Integrar ao alumnado que polas súas especiais características presenten problemas sociais ou educativos. f) Fomentar e vixiar os posibles casos de acoso escolar ou de violencia. g) Organizar a atención psicopedagóxica e a orientación educativa e profesional, tendo como principio reitor a atención á diversidade e a adecuación das actividades as características do alumnado. h) Potenciar e promover o Departamento de Orientación. i) Orientar ao alumnado cara ás posibles saídas, tanto para proseguiren os seus estudos como para a súa integración no mundo laboral. A dinamización da FP dual e a Aula de emprendemento teñen isto como obxectivo prioritario. j) Concienciar o alumnado da importancia dos estudos como base fundamental para o seu futuro. k) Promover a formación integral do alumnado, atendendo non só á formación académica senón tamén á súa formación humana. l) Insistir na necesidade da mellora da convivencia e respecto na escola. m) Organizar actividades complementarias e extraescolares e motivar ao alumnado a que participe nelas. n) Involucrar ao alumnado a través dos departamentos didácticos na busca de medidas de apoio educativo. o) Potenciar o uso da biblioteca por parte do alumnado. p) Potenciar o uso das TIC na dinámica xeral do centro. q) Potenciar o uso entre o alumnado da Aula Virtual. r) Desenvolver o Programa de seccións bilingües. s) Mellorar as competencias lingüísticas do alumnado. t) Promover o uso da lingua galega. u) Consolidar a oferta de materias de opción e libre configuración para todos os cursos da ESO e Bacharelato. v) Potenciar o coñecemento da lingua francesa e promover a elección desta lingua dentro das optativas ofertadas polo alumnado. w) Potenciar a formación profesional. x) Impulsar a Formación Profesional Dual nos segundos cursos dos ciclos ordinarios. y) Favorecer a formación complementaria do alumnado de Ciclos formativos en materia de Prevención de riscos laborais. z) Involucrar ao alumnado nos proxectos europeos. aa) Involucrar ao alumnado a través dos departamentos didácticos na busca de medidas de apoio educativo. bb) Facilitar e promover entre o alumnado a participación en proxectos, actividades e premios de diversa índole. cc) Favorecer que os representantes do alumnado (persoas delegadas, consello escolar) suxiran propostas e participen na elaboración dos documentos do centro, na competencia que lles atribúe a normativa. dd) Fomentar a participación na avaliación do seu proceso formativo nos diferentes niveis da ensinanza a través de plans de autoavaliación. ee) Continuar co Convenio de colaboración co Básquet Coruña. ff) Implicar ao alumnado na conservación das instalacións e material do centro. gg) Consolidar o funcionamento da aplicación de Abalar para as relacións con familias e alumnado. hh) Fomentar a participación do alumnado no proceso de Renovación do Consello Escolar deste curso. 	
MEDIDAS	
<ul style="list-style-type: none"> a) Utilización dos órganos colexiados para potenciar a participación do alumnado nas actividades do centro. b) Coordinar co Departamento de Orientación xornadas de orientación académica e profesional en todos os niveis do ensino. c) Favorecer a realización da mobilidades Erasmus e programas de promoción de estancias no estranxeiros dentro do marco da carta Erasmus (Acoreuropa, Praxeuropa...). d) O departamento de actividades complementarias e extraescolares en coordinación co profesorado que corresponda, organizará 	



- actividades e motivará ao alumnado para que participe nelas.
- e) Adaptación do entorno de traballo.
 - f) Desenvolvemento dos Contrato programa Inclúe e Innova en varias liñas de actuación, no caso de que sexan concedidas.
 - g) Desenvolvemento do Proa +.
 - h) Desenvolvemento de novos proxectos.
 - i) Participación do alumnado na creación de contidos pedagóxicos utilizando, entre outros, recursos audiovisuais e informáticos.
 - j) Participación do alumnado nas actividades dos programas de mellora da lectura e dos coñecementos.
 - k) Dinamización da Aula de emprendemento.
 - l) Responsable de Dinamización da FPdual.
 - m) Favorecer a participación e responsabilidade das persoas delegadas no funcionamento do centro.

RECURSOS

- a) Profesorado do centro, Departamentos didácticos e Equipos didácticos, Departamento de Orientación. Comisión de coordinación pedagóxica.
- b) Aulas xerais e específicas, talleres e laboratorios. Salón de actos.
- c) Biblioteca, Club de lectura "Un mar de contos", Programa Bibliotecas Solidarias (Voluntariado).
- d) Club de ciencia "LugriScientia", Club de cine.
- e) TIC's.
- f) Erasmus +, Auxiliar de conversa.
- g) Programas educativos (Proxecta, Seccións bilingües, Programas de éxito educativo) e Proxectos escolares.
- h) Canais de información ao alumnado: Páxina web do centro, aulas virtuais, twitter, tableiros de anuncios.
- i) Aula de emprendemento.
- j) Basquet Coruña.

4.1.5 Obxectivos específicos, medidas e recursos respecto das familias

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- a) Informar ás familias dunha forma continuada sobre o proceso educativo dos seus fillos e fillas. No caso do alumnado maior de idade manter esa mesma dinámica de información, sempre co beneplácito do alumno/a.
- b) Consolidar a aplicación AbalarMóbil entre as familias e promover as súas diferentes funcionalidades.
- c) Fomentar a participación dos pais, nais e titores legais do alumnado no proceso de Renovación do Consello Escolar deste curso.
- d) Fomentar a participación dos pais, nais e titores legais do alumnado nas xuntanzas que se vaian convocando.
- e) Informar ás familias das actividades, programas, proxectos, convocatorias que se vaian producindo.
- f) Implicar a nais e pais no proceso educativo dos seus fillos e fillas.
- g) Implicar a nais e pais na mellora da dinámica dos plans de libros de texto: Axudas e Fondolibros.
- h) Implicar a pais e nais na mellora da calidade educativa.
- i) Participar na valoración das circunstancias socioeconómicas das familias.

MEDIDAS

- a) Convocar as reunións de nais e pais a principio do mes de outubro para coñecer o centro e ao titor/a.
- b) Convocar reunións para nais e pais nas datas puntuais para informar sobre: orientación educativa, actividades extraescolares e complementarias.
- c) Información das novidades no proceso educativo das súas fillas e fillos, poñéndolles ao día dos novos plans e programacións que se van desenvolver.
- d) Información da hora de atención a nais e pais de profesorado e do departamento de orientación.
- e) Flexibilizar a hora de atención a representantes legais do alumnado buscando favorecer a conciliación familiar e laboral.
- f) Orientación ás familias na resolución de posibles problemas no proceso educativo das súas fillas e fillos.
- g) Uso de aplicacións en rede para a mellora da información entre o centro e as familias.



<ul style="list-style-type: none"> h) Información sobre actividades realizadas polas diferentes administracións. i) Potenciación do uso da biblioteca por parte das familias. j) Realización dalgunha sesión de formación das familias sobre temáticas relacionadas coa convivencia na adolescencia.
RECURSOS
<ul style="list-style-type: none"> a) Profesorado. b) Abalar Móbil. c) Departamento de Orientación. d) Representantes de nais, pais no Consello Escolar. e) Biblioteca. f) Sala de titorías de atención a nais/pais. g) Programas e documentos. h) Canais de información: Páxina web do centro, aulas virtuais, twitter, circulares, taboleiros de anuncios. i) Administración.

4.1.6 Obxectivos específicos, medidas e recursos respecto do **persoal non docente**

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
<ul style="list-style-type: none"> a) Colaborar na boa marcha das relacións entre todos os sectores que constitúen a comunidade educativa. b) Dar conta das súas necesidades e colaborar dentro das súas funcións na busca de solucións. c) Promover a participación do persoal non docente na mellora dos espazos do centro. d) Mellorar os espazos.
MEDIDAS
<ul style="list-style-type: none"> a) Participación nas actividades do centro tanto lúdicas como educativas que se leven a cabo no instituto. b) Mellora dos espazos da conserxería, almacéns e secretaría.
RECURSOS
<ul style="list-style-type: none"> a) Consello Escolar. b) Reunións cos diferentes sectores para organizar o traballo.

4.1.7 Obxectivos específicos, medidas e recursos respecto aos **servizos externos ao centro**

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
<ul style="list-style-type: none"> a) Extender as relacións dos Departamentos de Coordinación de Formación en Centros de Traballo a unha rede mais ampla e extensa de empresas para impulsar as relacións coas mesmas e ampliar a bolsa de traballo e as posibilidades de aumentar os ciclos ordinarios con modalidade dual. b) Difusión de proxecto e coordinación de actuacións co Centro Cívico dos Mallos e co Concello. c) Coordinar actuacións cos servizos de orientación da Consellería de Educación, cos servizos de saúde e servizos sanitarios da zona, co Instituto de Migración e Servizos Sociais, co Centro de Formación e Recursos do profesorado, coa Inspección e coa Xefatura Territorial de Educación. d) Promover xuntanzas e actividades de relación co centro adscrito de primaria CEIP Sagrada Familia. e) Potenciar e facilitar a comunicación e os canles de comunicación entre o centro e os centros de menores con alumnado do instituto en réximen de acollemento e/ou tutela e/ou escolarización combinada.



f) Continuar no proxecto Axente-titor da Policía local. g) Colaborar coas asociacións do concello. h) Relacionar o centro con outros da cidade, tanto en eventos culturais como deportivos.
MEDIDAS
a) Solicitud de asesoramento a Inspección sempre que se considere necesario por parte da comunidade educativa deste centro. b) Relación estreita e constante cos Servizos Sociais do concello sobre as situacións que se produzan co alumnado e que requiran da intervención deste organismo. c) Colaboración cos servizos sociais para avaliar situacións socioeconómicas de amparo. d) Cesión de instalacións do centro para a realización de actividades por parte de asociacións e particulares.
RECURSOS
a) Profesorado e familias. b) Instalacións do centro. c) Concello da Coruña. d) Centro Cívico dos Mallos. e) Servizos sociais do concello. Programa de actuacións con Familias do Concello. f) Outros servizos de Educación Especial. g) Centros de menores da Coruña. h) ONGs da cidade e especialmente con actuación no Distrito. i) Servizos sanitarios da zona. j) Centro de formación e recursos do profesorado. k) Inspección educativa. l) Xefatura Territorial de Educación. m) Consellería de Educación. n) Consellería de Política Social.

4.1.8 Outros obxectivos específicos a nivel de centro

a) Elaborar o Plan de habilidades sociais e emocionais. b) Continuar co traballo de consolidación de: PLAMBE, Club de Lectura "Un mar de contos" c) Continuar co traballo de consolidación: Club de Ciencia "LugriScientia" d) Levar a cabo os programas educativos que nos concedan (Proxecta, Seccións bilingües, Programas de éxito educativo). e) Valorar a posibilidade de solicitar outros proxectos europeos. f) Velar polo cumprimento das Normas de Organización e Funcionamento. g) Mellora da rede Wifi. h) Apoio aos ciclos de nova creación (IEA dual, Curso de especialización Implementación de redes 5G) para dotalos dos equipamentos necesarios para a impartición dos novos módulos. i) Continuar o labor iniciado nos cursos anteriores de renovación do mobiliario e de axardinamento. j) Mellorar as estruturas do centro dentro das posibilidades reais, para poder desenvolver mellor os obxectivos anteriormente propostos. k) Reparación e mantemento das deficiencias de fontanería, persianas, pintura, electricidade, albanería, xardinería, etc. l) Continuar co proxecto de acondicionamento de peche do centro. m) Continuar cos trámites para que a Consellería de Educación valore e se faga cargo da obra de arranxo da cuberta dos talleres, que necesita de obra de acondicionamento, así como da instalación dun ascensor. n) Manter actualizada a páxina web do centro e as diferentes redes sociais.



4.2 DOCUMENTO Nº 2 HORARIO XERAL DO CENTRO

Horario do centro para a realización das actividades lectivas e de apertura do centro, fóra do horario lectivo, a disposición da comunidade educativa e de outras entidades.

Normativa: Art. 11-16 da Orde de 1 de agosto de 1997 (DOG 2/set/1997)

No seguinte punto móstrase o horario nas diferentes ensinanzas.

4.2.1 Horario lectivo das diferentes ensinanzas

HORARIO DA ESO/FPBásica/Bacharelato:

HORARIO DA ESO/FPBásica/Bacharelato					
HORAS/DÍAS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8.45 a 9.35					
9.35 a 10.25					
10.25 a 11.15					
11.15 a 11.45	RECREO				
11.45 a 12.35					
12.35 a 13.25					
13.25 a 14.15					
16.30 a 17.20					
17.20 a 18.10					

Consta de 32 períodos lectivos de 50 minutos de duración, repartidos en 30 períodos lectivos en xornada matinal e 2 na tarde dos martes.

Na xornada matinal hai un recreo de 30 minutos entre a 3ª e a 4ª horas.

HORARIO DOS CICLOS FORMATIVOS ORDINARIOS:

HORARIO DOS CICLOS FORMATIVOS ORDINARIOS					
HORAS/DÍAS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8.45 a 9.35					
9.35 a 10.25					
10.25 a 11.15					



11.15 a 11.45	RECROO			
11.45 a 12.35				
12.35 a 13.25				
TARDE				
16.30 a 17.20				
17.20 a 18.10				
18.10 a 19.00				

Consta de 36 períodos lectivos de 50 minutos de duración, repartidos en 30 períodos lectivos en xornada matinal e 6 repartidos en dúas tardes, que varían en función do ciclo. Na xornada matinal hai un recreo de 30 minutos entre a 3ª e a 4ª horas.

HORARIO DA OFERTA MODULAR:

HORARIO DA OFERTA MODULAR					
HORAS/DÍAS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
18.10 a 19.00					
19.00 a 19.50					
19.50 a 20.40					
20.40 a 20.50	DESCANSO				
20.50 a 21.40					
21.40 a 22:30					

Os módulos ofértanse dentro da franxa horaria que vai desde as 18:10 horas da tarde ata as 22.30 horas excepto os venres que remata ás 20.40h.

HORARIO DA OFERTA ESPECIALIZACIÓN MEDIO:

HORARIO DA OFERTA ESPECIALIZACIÓN MEDIO					
HORAS/DÍAS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16.30 a 17.20					
17.20 a 18.10					
18.10 a 19.00					
18.10 a 19.00					
19.00 a 19.50					
19.50 a 20.40					
20.40 a 20.50	DESCANSO				



20.50 a 21.40					
21:40 a 22:30					

4.2.2 Horario das instalacións e outros servizos

SERVIZO/INSTALACIÓN	HORARIO	CONDICIÓN
Biblioteca	10:25h a 13:25h	Neste horario estará sempre atendida pola coordinadora da biblioteca, por dinamizadores da mesma ou profesorado de garda.
	Resto de horario lectivo	A disposición do profesorado e alumnado acompañado por profesor/a.
Aula de emprendemento	Lectivo de Ciclos formativos	A disposición do profesorado e alumnado acompañado por profesor/a.
Aulas/Aula específicas/talleres	Lectivo da ESO, FPB, Bacharelato e Ciclos	Utilizadas polo profesorado do centro. A disposición do alumnado e profesorado.
Laboratorios	Lectivo da ESO, FPB, Bacharelato e Ciclos	Utilizados polo profesorado das materias correspondentes. A disposición do alumnado e profesorado
Aulas de informática	Lectivo da ESO, FPB, Bacharelato e Ciclos	A disposición do alumnado e profesorado previa solicitude. Terán preferencia de uso os grupos da ESO, Bacharelato e FPB.
Pavillón	Lectivo da ESO, FPB, Bacharelato	Utilizadas polo profesorado do centro. A disposición do alumnado e profesorado.
	18:30h – 21:30h	Utilizado polo club Basquet Coruña segundo o convenio.
Aula de Música	Lectivo da ESO, FPB, Bacharelato	Utilizadas polo profesorado do centro. A disposición do alumnado e profesorado
	Xoves 19:00h. – 21:00h.	Utilizado pola coral La Antigua.
Salón de actos	Lectivo da ESO, FPB, Bacharelato e Ciclos	A disposición do alumnado e profesorado previa solicitude.
Departamentos	8:30h-22:30h	A disposición dos membros de cada departamento.
Fotocopiadora	11:00h – 12:00h 17:00h – 19:00h	Os encargos voluminosos deberán encargarse con 24 horas de antelación.
Cafetería	8:30h – 13:45h 16:30h – 19:30h	Tarde do venres pechada



4.2.3 Horario do centro

APERTURA DO CENTRO Á COMUNIDADE EDUCATIVA OS DÍAS LECTIVOS	
<ul style="list-style-type: none"> - Horario de mañá: de 8:30 h. a 14:30 h. - Horario de tarde: de 16:30 h. a 22:30 h (venres ata as 20:40) 	
APERTURA DO CENTRO Á COMUNIDADE EDUCATIVA OS DÍAS NON LECTIVOS E NON FESTIVOS	
De 9.30 h. a 14:00 h.	
HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DA SECRETARÍA	
Días lectivos	Días non lectivos e non festivos
De 9:00 h. a 14:00 h.	De 9:30 h. a 13:30 h (este horario poderase modificar por necesidades derivadas de procesos de escolarización ou no mes de agosto)

4.2.4 Organización do transporte escolar e itinerarios

O IES Urbano Lugo conta co servizo de transporte escolar como servizo complementario. Recóllese a relación de itinerarios coas paradas e as empresas que realizan cada itinerario.

Normativa: Art. 17 da Orde de 1 de agosto de 1997 (DOG 2/set/1997).

O centro conta con tres liñas de transporte escolar fundamentalmente para o alumnado de ensino obrigatorio.

PARADAS DO TRANSPORTE ESCOLAR - EMPRESA		
LIÑA 1 (VÁZQUEZ, MOMBÚS)	LIÑA 2 (AUTOS RICO)	LIÑA 3 (AUTOS TRAVIDI)
<ul style="list-style-type: none"> - c/ Rda. de Nelle (Centro de Educación Caixa Galicia) - c/ Avda. de Arteixo (cruce con Rda. de Outeiro) 	-CEIP Sagrada Familia	<ul style="list-style-type: none"> - c/ Avda de Finisterre (Parroquia de San Antonio). - c/ Avda. de Finisterre (Centro de Especialidades Ventorrillo)

O horario do transporte está adaptado para que o alumnado chegue ao centro entre 5 minutos antes do comezo das actividades lectivas, e a saída dos buses realízase 5 minutos despois do remate das mesmas.

Hai transporte escolar para atender ao alumnado da Educación Secundaria Obrigatoria Formación Profesional Básica e para cubrir o seu horario completo. O alumnado de Bacharelato pode solicitar o uso extraordinario deste servizo ao que poderá acceder no caso de haber prazas baleiras. Este curso sería tramitada esta solicitude en caso de extrema necesidade, xa que potenciarase que o alumnado empregue o transporte o menos posible e utilice medios propo nos desprazamentos (camiñar, bicicleta etc).



5. Seguimento e avaliación da programación

PROCEDEMENTO SOBRE O SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN E AVALIACIÓN

A PXA debe estar suxeita a un proceso de avaliación continuada a través da análise interna, nas reunións semanais do equipo de dirección, por un lado, e da análise das suxestións xurdidas nas sesións dos diferentes órganos do centro: Claustro, Consello Escolar e CCP. Ao longo do curso poden xurdir novas tarefas e funcións, non incluídas nesta programación pero que poidan variar o contido da mesma.

A memoria final de Dirección recollerá unha avaliación desta PXA.

A Directora

Asdo.: África López Souto

Data

30/09/2022